

CARTA ABERTA Á COLEXIACIÓN

Martes 1 de xullo de 2025 - Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

No **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, tratamos de que as nosas redes sociais sexan un espazo seguro, de convivencia e respecto. Cremos, polo tanto, que as redes sociais deben servir para fomentar a participación, e que a profesión estea en contacto e medre, ademais de dar visibilidade ao Traballo Social.

Para isto, temos claro que o respecto e a seguridade non deben ser unha excepción nas nosas redes sociais, senón a regra básica para o seu funcionamento.

De tal xeito, e tras un comentario vertido na nova da presentación do I Grupo de Intervención en Emerxencias Sociais, a **Xunta de Goberno** viuse na obriga de facer unha profunda reflexión que ten a responsabilidade de compartir.

A liberdade de expresión nas sociedades democráticas é un principio fundamental que permite expresar ideas, opinións ou incluso críticas de xeito libre, porén nesta idea non se deben agochar actitudes violentas que só son dirixidas a facer dano no persoal e contribuír ao ruído mediático con comentarios irresponsables e irrespectuosos que pouco teñen que ver coa ética e a deontoloxía profesional.

Na actual sociedade dixital, as redes sociais son un recurso de comunicación e de visibilización, que as organizacións e a sociedade debe preservar, ca fin de evitar o seu uso indebido ou a súa instrumentalización.

A profesión de Traballo Social debe situarse visiblemente en contra de actitudes que fracturan, e mensaxes que espallen odio. O contexto estrutural actual xa é suficientemente agresivo coas profesionais para que o autocoidado, o compañeirismo e a axuda mutua sexan accións prioritarias no desenvolvemento da nosa praxe profesional.

Santiago de Compostela 1 de xullo 2025
Xunta de Goberno do COTSG

COTSG - Rúa Dublín 6 baixo CP-15707
Santiago de Compostela
981568100
info@traballosocial.gal



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia